



**Nun novo almorzo R en colaboración co CEG (Círculo de Empresarios de Galicia), abordouse a importancia vital da Ciberseguridade en negocios medianos e pequenos**

## **Seguridade dixital, prioritaria tamén para as pemes**

- ***Para un auditorio dun centenar de profesionais e altos cargos de empresas, José Manuel García, responsable de servizos Cloud e de Ciberseguridade de R, analizou as claves para manter a salvo a información e os datos das pemes.***
- ***García incidiu en que “a Ciberseguridade xa non é unha opción para ningunha empresa, sexa do tamaño que sexa, senón unha prioridade (...) As pemes están, máis que nunca, no punto de mira dos ‘ciberataques’ e doutros riscos asociados á seguridade dixital dos negocios”.***
- ***Este novo almorzo R, organizado co CEG, é un paso máis no convenio de colaboración entre o operador galego e o Círculo para, entre outras cousas, acompañar os negocios galegos na súa transformación dixital e mellorar a súa competitividade en calquera mercado.***

**Xoves, 2 de decembro de 2021.-** *“Non esperes máis, dálle prioridade á túa seguridade dixital”.* Baixo este título imperativo desenvolveuse esta mañá o almorzo R que, en colaboración co CEG, se centrou en consellos imprescindibles para que empresas pequenas e medianas poidan garantir a continuidade dos seus negocios.

José Manuel García, responsable de servizos *Cloud* e de Ciberseguridade de R, pilotou o encontro, cunha charla especializada dirixida ao centenar de responsables de empresas e profesionais do sector que acudiron á sede do Círculo en Vigo -tras a parada imposta ata o momento pola pandemia- ou ben optaron por conectarse telematicamente. Neste evento de formato híbrido, o experto de R asegurou que para as pemes *“o punto de partida debe ser, necesariamente, a aposta pola Ciberseguridade de maneira transversal, a todos os niveis dentro da empresa”.*

Outra das ideas latentes no encontro: que xa ningunha pequena nin mediana empresa pode obviar esta realidade. Superamos unha primeira fase de concienciación, acelerada seguramente pola elevada esixencia de conectividade de persoas e compañías na contorna excepcional da crise sanitaria. E chegou o momento de actuar, de prepararse e de protexerse.

## As máis atacadas

Estudios recentes desvelan que 3 de cada 4 pequenas e/ou medianas empresas sufriu nalgún momento problemas de seguridade dixital. García subliñou que *“a Ciberseguridade xa non é unha opción para ningunha empresa, sexa do tamaño que sexa, senón unha prioridade (...) As pemes están, máis que nunca, no foco dos ‘ciberataques’ e doutros riscos asociados á seguridade dixital dos negocios”*. De feito, son as máis vulnerables, as que sofren as consecuencias dun maior número de delitos cibernéticos a día de hoxe, en gran parte por mor da súa menor preparación e protección ata a data.

O relator de **R** puxo tamén sobre a mesa as pautas e accións esenciais para definir as mellores prácticas que se deben ter en conta nos negocios de cara a previr posibles ataques e explicou que *“a maioría das veces, as barreiras das pemes para protexer a continuidade dos seus negocios están relacionadas co descoñecemento do tema, a falta de concienciación e compromiso por parte da dirección e o persoal ou o feito de ter unha percepción pouco fundamentada da gravidade dos ciberataques”*

Ademais, José Manuel García explicou que *“as boas prácticas e uso de ferramentas débense articular sempre dende unha base sólida de compromiso empresarial, empezando pola dirección. É preciso tratar de incentivar e recompensar a seguridade en toda a organización, xa que o máis importante desta cadea segue sendo o/a usuario/a”*.

## Ciberseguridade: prioridade das pemes, prioridade de R

Por fortuna, a seguridade dos sistemas e a protección dos datos está a converterse cada vez máis nunha prioridade para as compañías galegas, tamén pequenas e medianas, máis conscientes arestora de que un ciberataque pode supor igualmente para elas grandes perdas de información, de recursos e mesmo de reputación; de aí a importancia de dispor dun **acceso a internet dotado de solucións de ciberseguridade avanzada** que farán máis seguros os dispositivos e a información sensible e fundamental do negocio.

A área de empresas de **R** vén traballando para responder ás necesidades detectadas neste terreo tan sensible da Ciberseguridade, con solucións específicas para cada caso, non só nas grandes corporacións senón tamén nas pemes do territorio; e a día de hoxe son xa case **5.100 os negocios** que dispoñen do servizo de **ciberseguridade pemes de R**. Entre as súas vantaxes, o soporte dun experto dixital e medidas adaptadas para protexer a rede, os dispositivos e os datos do/da cliente/a empresarial fronte a ataques de virus e *malware*.

### Comunicación R

[prensa@mun-do-r.net](mailto:prensa@mun-do-r.net)

[R.gal](http://R.gal)